Educación Primaria 3

CADERNO DE ACTIVIDADES

O lugar onde vivimos

Movéndonos no territorio

Nome ..... Grupo .....

VIVIMOS UNHA NOVA AVENTURA!

ACTIVIDADE 1.

Riscade cunha cruz os cadros que respondan ao que vós pensades:

	Non o sei	Creo que si pero non sei as razóns	Creo que non pero non sei o porqué	Claro que si e ademais sei o porqué
1. O ser humano transformou a paisaxe de Galicia.				
2. Existen factores ou causas que facilitaron os asentamentos de poboación en Galicia.				
3. Unha chaira, un territorio de montaña e unha paisaxe costeira son espazos de características distintas.				
4. A diversidade das paisaxes galegas depende tanto de factores físicos como dos humanos.				
5. O comercio foi moi importante para a aparición das vilas.				
6. Existen razóns polas que as persoas buscan vivir nas cidades.				
7. A rede de estradas e autoestradas favorece o desenvolvemento económico de Galicia.				
8. O territorio no que vivimos é resultado do que nos deixaron os nosos devanceiros ao longo dos séculos.				
9. A maioría de nós temos relacións familiares ou de amizade con persoas que viven na aldea.				
10. A construción ou destrución da nosa contorna depende da nosa responsabilidade.				

ACTIVIDADE 2.

Poñede en común as vosas respostas comentando cos compañeiros e compañeiras os vosos puntos de vista. Analizade entre todos/as as conclusións ás que cheguedes escribindo no encerado un resumo do dito.

ELIXIMOS O NOSO LUGAR NO MUNDO

ACTIVIDADE 3.

Cada ilustración ten un número. O voso traballo será repartir cada número correspondente ás fotos nunha das dúas táboas seguintes. Pensade ben un ou varios motivos para a vosa elección.

Ten boas condicións para ser habitada a paisaxe da foto...	**Porque nela...**
Nº	
Nº	
Nº	
Nº	

Non ten boas condicións para ser habitada a paisaxe da foto...	**Porque nela...**
Nº	
Nº	
Nº	
Nº	

ACTIVIDADE 4.

Agora poñede en común as vosas respostas e así poderedes tirar as conclusións enchendo o texto seguinte coas palabras do recadro.

temperado - calor - humidade - costas - auga - altitude - altas montañas - suficientes - frío

Os lugares que reúnen boas condicións para seren habitados son os que teñen un clima ..... e con chuvias .....; os de pouca ....., como os vales e as chairas; as zonas preto das ..... e nas que hai ..... abundante.

Pola contra, os espazos onde a xente rexeita vivir son aqueles onde vai moito ..... ou demasiada .....; as zonas das .....; nas que non se pode atopar auga ou, onde a ..... tamén poida ser excesiva.

ACTIVIDADE 5.

Que fotos poderían semellarse ás paisaxes de Galicia e cales non se poderían nunca situar en territorio galego? Indicade algún motivo.

.....

.....

.....

.....

.....

DE PASEO POR GALICIA

ACTIVIDADE 6.

Coloreade o seguinte mapa de Galicia segundo as cotas de altitude:



ACTIVIDADE 7.

1. Cal é a dirección das cadeas de montañas (de norte a sur, de leste a oeste,...)?

.....

2. En que provincias se atopan as montañas máis altas?

.....

3. En que parte de Galicia se atopan as zonas máis baixas do relevo?

.....

ACTIVIDADE 8.

1. Mirade no mapa do relevo de Galicia e tratade de ver como os ríos van adaptándose ás formas do terreo.

2. Por que zona do relevo discorren eses ríos (polas altas ou polos fondos dos vales)?

.....

3. Atrevédesvos a trazar no mapa que acabades de colorear o curso do río Miño, o máis importante de Galicia? Non esquezades facelo con cor azul!

4. Que zonas do relevo aproveita para discorrer o río Miño?

.....

5. Escribide que dúas importantes cidades galegas se asentan ao seu carón.

.....

ACTIVIDADE 9.

1. En que provincias hai máis asentamentos de poboación?

.....

2. Están máis cara o litoral ou cara o interior?

.....

3. Situade as 7 grandes cidades de Galicia no mapa de curvas de nivel… Poñede o nome de cada unha onde corresponda.

PISTA!: Podedes mirar polo mapa da derradeira páxina do caderniño! Pero lembrade que son: **A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo.**

ACTIVIDADE 10.

1. As cidades e vilas galegas, sitúanse nas zonas altas ou baixas do relevo?

.....

2. En que provincias predominan?

.....

3. Unha vez que teñades localizadas as grandes cidades e as vilas de tamaño medio, podedes dicir que zonas de Galicia contan con menos poboación?

.....

4. Con que unidades do relevo as identificariades?

.....

ACTIVIDADE 11.

Observade no mapa do relevo de Galicia, a rede de autoestradas e das principais estradas que percorren o territorio galego e debatede entre todos:

1. Cales son os lugares máis axeitados para trazar unha estrada (as zonas baixas, as de pouco desnivel, as altas montañas, o traxecto máis rectilíneo,…?

.....

Mirade o mapa físico de Galicia. Como observaredes, un caso insólito é o da Autoestrada AP-9 no tramo que vai desde Santiago a Vigo.

2. Con que elemento físico, único en Galicia, coincide case exactamente?

.....

ACTIVIDADE 12.

Fixádevos nestas fotos… Nelas podedes ver dúas pontes construídas en épocas diferentes.

1. Cal é a máis antiga?

.....

2. Que tipo de transporte se utilizaría cando se construíu a ponte vella? Poderían percorrerse longas distancias con el en pouco tempo? Tentade explicar o porqué.

.....

3. Por que se tivo que facer unha nova ponte? Credes que puideron influír os medios de transporte actuais?

.....

ACTIVIDADE 13.

Riscade cunha cruz onde se cumpra:

	IMAXE Nº1	IMAXE Nº2	IMAXE Nº3	IMAXE Nº4
1. É unha obra de hai moitos anos.				
2. Só se pode andar a pé por ela.				
3. Pode usarse un medio de transporte nela.				
4. Cambiou moito a paisaxe orixinal.				
5. Necesita grandes coidados para manterse en bo estado.				
6. Usaron moitos medios técnicos e maquinaria para a súa construción.				

ACTIVIDADE 14.

Mirade de novo as fotos e o cadro que cubrícheches e explicade coas vosas palabras en que medida a construción das vías de comunicación afecta á paisaxe natural.

.....

.....

.....

UNHA TERRA DE MOITAS PAISAXES

ACTIVIDADE 15.

Escribide: costeira, de chaira ou de montaña debaixo da imaxe que corresponda.

FOTO 1. ..... FOTO 4. .....

FOTO 2. ..... FOTO 5. .....

FOTO 3. ..... FOTO 6. .....

ACTIVIDADE 16.

Explicade que elemento ou elementos da paisaxe vos levaron a tomar a decisión:

NA PAISAXE DE COSTA	
NA PAISAXE DE CHAIRA	
NA PAISAXE DE MONTAÑA	

ACTIVIDADE 17.

Poñédevos por parellas e enchede o cadro seguinte.

	NA COSTA	NA CHAIRA INTERIOR	NA MONTAÑA
Elementos ABIÓTICOS			
Elementos BIÓTICOS			
Elementos ANTRÓPICOS			

ACTIVIDADE 18.

Comentade as vosas conclusións. Cales son os elementos comúns que se repiten?

.....

.....

.....

ACTIVIDADE 19.

1. Como é a costa en cada unha das fotos de paisaxe costeira?

.....

.....

2. As aldeas das paisaxes de chaira teñen a mesma forma?

.....

.....

3. Como se distribúen as casas en cada unha delas? E as estradas?

.....

.....

4. Nas dúas paisaxes de montaña adican as terras de labor a producir o mesmo?

.....

.....

ACTIVIDADE 20.

Percibe e identifica...

	NAS PAISAXES COSTEIRAS	NAS PAISAXES DE CHAIRA	NAS PAISAXES DE MONTAÑA
1. Que cores predominan?			
2. Que sons se poderían escoitar con maior intensidade?			
3. O que máis me relaxaría sería...			
4. O ulido que máis se nota sería a...			

ACTIVIDADE 21.

Cada unha das fotos da páxina 22 ten un número. Todas son localidades galegas. Atrevédesvos a dicir onde poderían estar? Non é tan difícil porque xa vos damos o mapa e seis pistas. As pistas son os círculos do mapa, védelos? O que tedes que facer é poñer o número da foto dentro do círculo que creades.



ACTIVIDADE 22.

Aseméllase algunha imaxe ao lugar no que vives?

.....

QUE BEN O PASAMOS NA ALDEA!

ACTIVIDADE 23.

1. Como se chama a túa aldea? .....

2. Sabes a que parroquia pertence? .....

3. E o nome do concello onde está situada? .....

ACTIVIDADE 24.

Coloreade a lenda e logo coloreade o esbozo.

- ☐ leiras
- ☐ casas
- ☐ estradas e camiños
- ☐ río
- ☐ bosque

ACTIVIDADE 25.

Mirade o mapa topográfico correspondente a esta zona:

1. En que terreo está situada a aldea: nunha zona baixa, nunha montañosa,…?

.....

2. Ten moitas casas? .....

ACTIVIDADE 26.

Esta aldea galega presenta dous tipos de asentamentos: un compacto coas casas xuntas formando un rueiro, que é a aldea orixinal, e un segundo conxunto de casas máis moderno que se sitúan ao longo da estrada principal.

Buscade no esbozo os dous tipos de asentamento e rodeade de marrón o núcleo compacto e de laranxa o asentamento lineal ao longo da vía de comunicación.

ACTIVIDADE 27.

Se volvemos ao esbozo podemos analizar como se organiza o espazo da aldea:

Normalmente adóitanse deixar as partes máis baixas e máis achegadas ás vivendas para os labores agrícolas e para prados para o gando e as máis altas para a explotación forestal pola súa situación e pola calidade do solo. É por iso que, ao redor das casas sitúanse .... e máis lonxe rodeando as leiras está .....

Escribide dentro de cada círculo os nomes de: aldea, leiras e monte segundo o lugar onde estean localizados no esbozo.



ACTIVIDADE 28.

1. Saberiades dicir en que lugar da aldea poderían estar situadas cada unha destas dúas fotos?

.....

2. Poñede en común as vosas razóns.

COÑECEMOS UNHA CHEA DE VILAS

ACTIVIDADE 29.

Coloreade a lenda
do voso caderno
e logo coloreade o esbozo.

- ☐ parte ocupada polas vivendas
- ☐ espazo construído pero que non está dedicado ás vivendas
- ☐ espazos verdes
- ☐ río
- ☐ estradas

ACTIVIDADE 30.

1. Podedes identificar a antiga muralla? Píntádea de marrón. Que forma ten?

.....

2. Cal vos parece que será a parte máis antiga da vila: a que está dentro ou fóra da muralla? Por que?

.....

ACTIVIDADE 31.

Situade no esbozo: o número 1 na parte máis antiga desta vila e o número 2 na zona máis nova.

ACTIVIDADE 32.

As principais estradas desta vila conflúen cara un lugar central.

1. Píntádeo de laranxa no esbozo do voso caderno de actividades. Está dentro ou fóra do recinto histórico?

.....

2. Que uso pode ter ese lugar? .....

ACTIVIDADE 33.

1. Quen funda a vila de Pontedeume? Saberiades dicir de que século é este documento? Que dous privilexios lles outorga o rei aos habitantes?

.....

.....

2. Por que credes que terían tanta importancia os mercados para que sexa un rei o que os conceda? Que lles garante o rei aos mercadores?

.....

.....

ACTIVIDADE 34.

En que sitio da vila situariades cada unha destas vivendas, na zona vella ou na nova?

.....

IMOS A UNHA GRAN CIDADE

ACTIVIDADE 35.

1. Que é o que máis vos chama a atención? .....

2. Entrades nela por unha rúa estreita ou por unha gran avenida? .....

3. Os edificios que vedes son altos ou baixos? .....

4. Podedes ver algunha industria ou polígono industrial? .....

5. E algún centro comercial? .....

ACTIVIDADE 36.

Coloreade o esbozo segundo a lenda.



ACTIVIDADE 37.

1. De todas as partes que pintáchedes no plano da cidade, cal ou cales serían o centro para vós?

.....

2. Poñede en común as vosas opinións e rodeade de verde a zona que decidistes entre todos.

ACTIVIDADE 38.

1. Escribide debaixo de cada imaxe a parte da cidade que representa usando as palabras do cadro seguinte:

CASCO HISTÓRICO - ENSANCHE - BARRIOS - POLÍGONO INDUSTRIAL

FOTO 1. ..... FOTO 4. .....

FOTO 2. ..... FOTO 5. .....

FOTO 3. ..... FOTO 6. .....

2. Credes que poderiades atopar algún destes edificios nas aldeas? E nas vilas?

.....

ACTIVIDADE 39.

1. Destas dúas fotografías, cal localizariades no casco histórico da cidade? E nun barrio?

.....

2. Que diferenzas atopades entre os edificios das dúas fotografías (materiais, forma, altura, tellados, fiestras….)?

.....

.....

ACTIVIDADE 40.

1. Predominan os edificios altos ou os baixos? Están moi pegados ou hai espazo entre eles? Son todos da mesma altura? Cantos pisos contas no edificio máis alto? E no máis baixo?

.....

.....

.....

2. Por que credes que nas cidades se fan os edificios tan altos?

.....

3. Que forma teñen os edificios? .....

4. Que é o primeiro que atoparedes cando saiades á rúa desta cidade?

.....

5. Mirando os baixos dos edificios, escribide o que hai neles.

.....

.....

ACTIVIDADE 41.

Que vos parece esta rúa? Rodeade as opcións que a definan:

ANCHA	**SEGURA**	**RUIDOSA**	**PERIGOSA**	**SILENCIOSA**
TRANQUILA	**CHEIRENTA**	**AGOBIANTE**	**RECENDENTE**	**ESTREITA**

ACTIVIDADE 42.

1. Cal das dúas podería funcionar de entrada e saída da cidade?

.....

2. Cal pode acoller máis tráfico?

.....

3. Que partes da cidade comunica a primeira? E a segunda?

.....

.....

4. Hai coches aparcados nas dúas? A que se deberá iso?

.....

.....

SANTIAGO CONTA UNHA HISTORIA

ACTIVIDADE 43.

1. Entre que dous elementos naturais se asenta a cidade de Santiago? .....

2. Arredor de que edificio se organiza a cidade? .....

3. Que edificios se localizan nos bordos da muralla? .....

4. En cal dos planos hai máis casas? .....

5. En que plano aparece a muralla? En que século se construiu? .....

6. Cantos camiños chegaban ata as portas da muralla de Santiago? Mirade polo mapa do século XIII.

.....

7. Con que ruta antiga coincide o camiño do norte que vai cara á Catedral?

.....

8. A pesar de que no século XIX Santiago xa non tiña muralla, sodes quen de identificala no plano deste século? Pintade no voso caderno de actividades por onde iría.

9. Santiago pasou de ter unha forma de améndoa no século XIII a semellar unha araña no século XIX. Para chegar a ter esta forma, que se construiu ao longo das "patas da araña"? Que serían, entón, as "patas da araña"?

.....

.....

.....

ACTIVIDADE 44.

Recortade as partes da cidade de Santiago, e compoñédeas mirando pola fotografía anterior. Pintádeas segundo a lenda.

ACTIVIDADE 45.

1. En que etapa da súa historia medrou máis a cidade de Santiago?

.....

2. Arredor de que medrou a cidade de Santiago entre os séculos XIX e XX?

.....

3. Onde se atopan os novos barrios?

.....

ONTE, HOXE,... MAÑÁ

ACTIVIDADE 46.

Indicade dentro dos recadros, os elementos que podedes ver en cada unha das tres partes de cada paisaxe.



crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas
crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas crebacabezas

ACTIVIDADE 47.

Marcade cunha cruz o feito que sucede en cada momento:

	1ª PAISAXE	2ª PAISAXE	3ª PAISAXE
1. Abandono do castelo			
2. Ocupación das terras de labor para facer vivendas			
3. Eliminación de árbores			
4. Movemento de terras para construír			
5. Vivendas de pouca altura			
6. Aparición da industria			
7. Rehabilitación do castelo			
8. Construción da catedral			
9. Edificios altos			

ACTIVIDADE 48.

1. Cal é o elemento que máis sobresae nas tres paisaxes? Que lle ocorre ao longo do tempo?

.....

2. En que cambia o núcleo de poboación entre a primeira e a segunda ilustración?

.....

3. A que se dedicarían os habitantes do primeiro núcleo de poboación? E os do segundo?

.....

4. Que actividades económicas son as que predominan na última ilustración?

.....

5. Por que na última ilustración a xente elixe para vivir a parte da esquerda en vez da parte dereita?

.....

ACTIVIDADE 49.

Poñede en común as vosas conclusións.

ACTIVIDADE 50.

En cada fotografía aparecen polo menos dous edificios de características moi diferentes.

1. Credes que pertencen á mesma época? .....

2. Teñen a mesma forma? E a mesma altura? .....

3. Como son as ventás en cada un deles? .....

.....

4. Que sensación vos produce velos xuntos? .....

.....

AQUÍ É ONDE EU VIVO

ACTIVIDADE 51.

Respondede ás preguntas enchendo o cadro. Logo poñedeas en común con toda a clase.

1. Onde vives? Nunha aldea, nunha vila ou nunha cidade?	
2. Cal é o seu nome? Sabes porque se chama así?	
3. Cal é o momento aproximado no que apareceu? (é recente, é unha vila histórica,...)	
4. Fíxate onde se atopa o lugar no que vives. Está nun val, nunha chaira, na aba dun monte,... para iso mira ao teu redor e trata de identificar os elementos do relevo: unha montaña, unha chaira, un río,...	
5. Hai unha relación próxima ou familiar entre os habitantes que viven onda ti?	
6. No lugar onde vives ou preto da túa casa, hai algún monumento histórico? Que é? Sabes a que época histórica pertence?	
7. No lugar no que vives combínanse os espazos construídos (edificios) cos non construídos (campos, prazas, rúas, xardíns). Cales predominan máis? Como son as edificacións (altas, baixas, separadas, xuntas, con espazos verdes entre elas...) E as rúas (anchas, estreitas, con varios carrís, rectas, con curvas, con moito tráfico, con beirarrúas)?	
8. Onde vives, hai moitos coches? Predominan os vehículos particulares ou o trasporte público? Hai problemas de aparcamento?	
9. Tes moitas tendas ao teu redor? A túa familia precisa do coche para facer as compras? Onde as vai facer: á tenda da beira da porta, ao centro comercial,…)?	
10. Hai casas ou edificios vellos ou abandonados? Ves fachadas despintadas, propaganda espallada sen xeito, grafites? Que sensación che producen? Na túa rúa ou lugar, ves algún edificio moi diferente dos que o rodean ou, pola contra, son todos moi parecidos?	

O lugar onde vivo gústame porque...	Do lugar no que vivo non me gusta....	No lugar onde vivo gustaríame que...